

# Non nos coñecen nin en Portugal

## Description

Asevera o historiador Anselmo Lapez Carreira que durante o século XIV desde Galicia faise un importante esforzo, probablemente un dos últimos antes de que o vello reino pase a ser xa definitivamente apóndice de Castela, por desenvolver unha polática interna e externa propias. Un dos episodios quizais coñecidos deste período é o de Inácios de Castro.

Asevera o historiador Anselmo Lapez Carreira que durante o século XIV desde Galicia faise un importante esforzo, probablemente un dos últimos antes de que o vello reino pase a ser xa definitivamente apóndice de Castela, por desenvolver unha polática interna e externa propias. Un dos episodios quizais coñecidos deste período é o de Inácios de Castro.

Inácios de Castro era unha nobre galega, irmá do Conde de Lemos, Fernando Ruíz de Castro e, por tanto, pertencente á, na altura, poderosa liaxe secular galega. E iso era moito dicir na Europa do momento. Parte da estratexia de reforzo do papel de Galicia no concerto ibérico pasaba por tecer unha alianza con Portugal. Alianza que, polo demais, viña sendo tradicional desde a separación Galicia-Portugal do século XII. Esta alianza vaise materializar finalmente na união entre Inácios de Castro e o Infante portugués Pedro I. Inácios será mandada matar por Afonso IV de Portugal, pai de Pedro, o que provocará que Pedro se levante en armas contra o proxenitor. As cousas acougarán ata chegar a morte de Afonso IV e Pedro ser coroado rei de Portugal. Anunciarán entón que tiña casado con Inácios de Castro e que, por tanto, a galega era a lexítima raíña de Portugal, coroándoa, cadáver, en cerimonia pública.

Na actualidade, os túmulos de Inácios e Pedro, de extrema formosura, poden visitarse na igrexa do Mosteiro de Alcobaça, uns cien quilómetros ao norte de Lisboa.

Agora ben, que ninguén que viaxe alí teña moita esperanza de que os nosos velllos irmáns e irmás recoñezan no personaxe e na historia un antigo, un de tantos, vencello histórico. Non. Para a xeneralidade, Inácios de Castro era castelán. Non só iso, podería descubrirse mesmo que nada se sabe dunha tal Galicia. ??Onde é que isso está??. Mellor ir sobre aviso. Se en Alcobaça non nos coñecen? Onde nos coñecen? Se onde existe máis proximidade xeográfica e cultural non teñen ouvido falar en Nós? Onde teñen ouvido? Pode darse o paradoxo de que unha veciñá ou veciñío de Alcobaça viaxe a Madrid (a Cataluña ou o País Vasco non, iso si que o saben), pensando que na capital do Reino da España encontraría más información daquela importante nobre castelán. Onde se non?

Fracasou a polética externa galega do século XIV. Agora só nos deixan ter unha moi limitada, por primeira vez despois de moitos séculos de auténtico bloqueo centralista, e fracasamos. Mais non fracasamos por arriscar cunha estratexia, senón por carecer dela. Galicia é a Comunidade Autónoma na que más sentido ten unha acción exterior propia. Mais, para alí non de cousas moi puntuais, esta non se ve.

Para podermos ter relaciones con outros países, sexa ao nivel que for, temos que ser coñecidas e coñecidos, e a ser posible por cousas boas. Con Portugal está medio camiñado, mercê do inmenso pasado común. Agora temos un presente de relaciones de todo tipo en intensificación permanente, co permiso das novas portaxes nas SCUT. Pero pode e debe ser feito moito más, desde a sociedade civil e desde os poderes políticos. Estes son os que van más atrasados, e a eles corresponde un papel de lideranza.

Ten sentido pedir un tal esforzo coa que está a caer? Mais que nunca. A proxección exterior ten que ver coas posibilidades comerciais internacionais, e estas coa marcha da economía interna. Ten que ver co vigor do turismo a Galicia. No caso da proxección en Portugal ten que ver coas posibilidades de aumentar o mercado para produtos culturais en lingua galega. Pensemos no teatro, no cine, na música. Ten que ver coa posibilidade de alianzas políticas transfronteirizas, para aumentar a eficiencia no investimento e xestión de servizos e equipamentos ás das marxes, ou para defender intereses comunes, como o AVE ou TGV. Ten que ver mesmo con intercambiar experiencias: os

portugueses son veteranos e expertos en materia do que eles chaman PPP (Parcerías Pùblico-Privadas), que tamén pensaban que sería a panacea e que agora descobren que é unha lousa farto pesada para xeracions actuais e futuras.

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia

### IDIOMA

Galego

### Date Created

Outubro 17, 2010

### Meta Fields

Autoria : 3772

Datapublicacion : 2010-10-16 00:00:00